

DE MEL

O Comité Nobel do Parlamento noruegués concedeu o premio Nobel da Paz 2011 a tres mulleres: a presidenta liberiana Ellen Jhonson-Sirleaf, por ser a primeira muller africana elixida democraticamente presidenta, por poñer fin ao conflito armado en Liberia e contribuír á caída do anterior presidente, ao que se culga por crimes contra a humanidade; a activista liberiana defensora dos dereitos das mulleres, Leymah Gbowee, fundadora do movemento pacífico que contribuíu, mobilizando e organizando a mulleres de diferentes etnias e relixións, ao remate dunha longa guerra en Liberia e garantir a participación das mulleres nas eleccións; e a activista pro dereitos humanos iemení Tawakkul Karman, que lidera o grupo de Mulleres Periodistas Sen Cadeas.

Este ano 2012, desde Asemblea de Mulleres, celebramos a proposta de mobilización conxunta a nivel nacional para a conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, cousa que non sucedía hai xa algúns anos. Isto pon de manifesto a necesidade de unir forzas e esforzos no escenario público e político galego como resposta aos recortes que o goberno está a aplicar coa excusa da crise, e que afectan fortemente ás mulleres. O STEG participará nesta manifestación nacional, o Domingo 11 de Marzo, en Compostela. **Mulleres galegas en loita polos nosos dereitos!!**

Para ler...

Despois da medianoite
Salma. Tradución: María Reimóndez.
Edicións Xerais de Galiza.



Salma (Thuvankurichi, 1970) é unha das máis notábeis escritoras támiles da actual literatura india. Dende os trece anos comezou a escribir poesía e logo a publicar en revistas literarias, durante anos na clandestinidade pola oposición familiar. A súa obra foi obxecto de críticas destrutivas en sectores literarios polo uso da sexualidade feminina dunha maneira aberta na súa obra e polo contido feminista dos seus escritos.

Nunha pequena aldea de TAMIL NADU, no escuro da media noite, no lugar pechado das casas e das coziñas, no reverso das normas da comunidade, transcorren as vidas das mulleres desta novela. As súas arelas vannon levando por un camiño de dificultades, onde a busca da liberdade se atopa fanada de maneira constante, e amosando os atrancos que atopan para desfacer as posicións que lles veñen dadas, que lles son inoculadas a cada paso dende a infancia.

Todas as mulleres que fun
Andrea Nunes Brións
Corsárias Editora



Andrea Nunes Brións (Marín, 1984). Licenciada en Filoloxía, activista política e feminista, continua estudando mentres escribe poemas e fai vídeos coas Candongas do Quirombo. Colabora de maneira activa en publicacións e proxectos relacionados co xénero e a lingua. A súa última obra *Todas as mulleres que fun*, é un poemario ilustrado por Annet Borrás Chia de temática erótica e de crítica contra o capitalismo e o patriarcado e a falta de consciencia ecolóxica, acompañado dun CD con vídeo poemas.

Os afectos, a identidade feminina, a Matria, o país..., son algúns dos alicerces de *Todas as mulleres que fun*; en palabras da autora, "un alento, unha procura, a buscar un construímonos como nós mesmas queremos, en plural".

Para escoitar...

Consentimento - Novo disco de Leilía
Homenaxe ás mulleres que transmiten a nosa cultura musical



Raianas - O último disco das cantareiras Malvela.

"Raianas" é unha viaxe pola música de ambas as beiras do Miño, na que aparecen cantos tradicionais e actuais.



E FEL

A "primavera árabe" inundou de información e esperanza o mundo enteiro a través dos medios tradicionais e as redes sociais este pasado ano 2011.

Pero as noticias de persoas feridas, mortas, inmolacións,...a diario en Túnez, Exipto, Siria, Libia,...indícanos que existe unha grande represión dos gobernos islámicos, sobre todo cara ás mulleres, que estiveron e están implicadas en todas as fases dos levantamentos, correndo riscos e, en ocasións, perdendo a vida. Falamos da imaxe de medio corpo espido dunha muller tirada na rúa, a quen a policía golpea e arrastra cruelmente no Cairo, Exipto. Falamos do arresto de Razan Ghazzawi, bloguera detida en Siria, cando se dirixía a participar nun taller sobre a liberdade de prensa.

Falamos de que imaxinabamos transformacións profundas: liberdade, xustiza, democracia,...e nos atopamos con violencia, brutal represión, protestas, detencións, inmolacións, caos...que se esconde detrás de todo isto? É a primavera árabe unha realidade ou ficción? Que supón para as mulleres?

Como sempre e mentres tanto, as mulleres perseveran desenvolvendo a súa oportunidade de loitar, cun valor impresionante, por toda a rexión. Ben sabemos que os logros das mulleres nin son eternos nin doados, pero locen desde calquera punto do planeta e da historia cando se conseguen

Para ver...

"La fuente de las mujeres" (La source des femmes)
Radu Mihaileanu



Nunha pequena localidade, nalgún lugar entre o norte de África e Oriente Medio, a tradición esixe que as mulleres, mentres os homes se dedican a beber té e cruzarse de brazos, busquen auga no alto dunha montaña, baixo un sol ardente. Leila, unha muller nova casada, propón ao resto das mulleres unha folga de sexo: non manterán relacións sexuais ata que os homes colaboren no traslado da auga ata a aldea. É o comezo dunha pequena revolución no que se poñerá de manifesto a desigualdade de tarefas e deberes entre os dous sexos.

"El Cairo 678"
Mohamed Diab



Baseada na historia real de tres mulleres e no seu empeño de defenderse contra o acoso sexual prevalecente en Exipto. Cando unha delas empeza a cravar un coitelo na ingua dos acosadores, convértese nunha heroína fantasma que causa un balbordo por todo o país.

O Cairo 678 ofrece unha exhaustiva análise de causa e efecto do acoso sexual, que demostra as fatais consecuencias do silencio e da aceptación da negación como solución, ao tempo que revela unha intrigante cara oculta de Exipto que o mundo apenas viu.



"Djunta mô" é o traballo discográfico de Batuko Tabanka, agrupación de mulleres caboverdianas afinadas na Mariña de Lugo. 12 mulleres, parellas de mariñeiros de Cabo Verde que teñen colaborado con artistas como Uxía, Xosé Manuel Budiño, Os Diplomáticos, Chico César...trouxeron o batuko á península, mostrando a forza da cultura africana, espallando diversidade cultural.



Informa

marzo 2012 N° 3

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

Dep. Legal: OU 60/97



Manifeso 8 marzo 2012
"En igualdade nin un paso atrás"

Material coeducativo

Información sobre o calendario "Mulleres no tempo, tempo de mulleres", actividades para o 25 de novembro e 8 de marzo e sobre as exposicións que temos para Infantil, Primaria e Secundaria

Colaboración

Proxecto BATA

Marcha Mundial das Mulleres

Mulleres, Mozas e Feministas

Lei de apoio á familia e á convivencia ou volta ao pasado?

En Maio do 2011 a Xunta de Galiza aprobou a Lei de apoio á familia e á convivencia

De MEL e FEL

Para ver

- La fuente de las mujeres
- El Cairo 678

Para ler

- Despois da medianoite
- Todas as mulleres que fun

Para escoitar

- Consentimento
- Raianas
- Djunta mô

www.stegsindicato.org/muller/

stegmuller@stegsindicato.org

MANIFESTO 8 DE MARZO DE 2012

En igualdade nin un paso atrás

O Día Internacional das Mulleres, significa recoñecer e recoñecérmolos na historia das mulleres, historia repleta de vindicacións, de loitas por conseguir unha sociedade xusta, con dereitos laborais, económicos, políticos, sociais e culturais que sexan para as mulleres igual que para os homes.

Isto significa atopar hoxe razóns persoais e colectivas para resistir, e para avanzar na transformación social, para cuestionar a ancestral división sexual do traballo e, o máis urxente agora, para facer fronte ás políticas públicas que os gobernos nos están a impoñer coa desculpa da crise, ignorando o impacto dramático que as devanditas políticas teñen sobre a vida e os dereitos das persoas e moi especialmente das mulleres.

Parece ser que a prioridade dos nosos gobernos e o obxectivo que din perseguir, coa aplicación dos recortes e das medidas de axuste orzamentario, é reducir o déficit público. O que non se atreven a dicir tan claramente é que pretenden aniquilar dereitos, desarticular servizos públicos, desprestixialos para poder privatizalos, en definitiva: abrir novas vías de negocio aos mercados. Ademais, están a poñer todo o seu empeño en facer crer á cidadanía que a igualdade real é algo accesorio, marxinal, que non ten que ver nada coa situación social e económica actual, un luxo no que non paga a pena investir diñeiro público. De todo iso citaremos só algúns elocuentes exemplos.

Os recortes en Dependencia significan que o dereito ao coidado se cambalea. O coidado de familiares dependentes con grave ou moderada minusvalía, polo que non se recibirá ningún tipo de axuda, farase a custo do traballo gratuíto das mulleres, xa que son maioritariamente (82%) as que o asumen; o seu traballo sen remuneración suporá para o

Estado o 2% do PIB.

A ampliación do permiso de paternidade quedará aprazado, unha vez máis. Isto non só supón escamotear un dereito elemental, moi precario aínda, dos pais a coidar das súas fillas e fillos, senón que ademais, este atraso ten un impacto decisivo na supervivencia dos roles de xénero, na desigualdade salarial e na exclusión das mulleres do emprego de calidade, ao seren elas consideradas “menos dispoñibles” que os homes á hora de acceder ao mercado de traballo.


A supresión de organismos e institucións encargados de promover a igualdade real entre mulleres e homes, ou de protexer as mulleres vítimas de violencia machista, violencia que asasina cada ano a un bo número de mulleres e cuxa causa subxacente está na desigualdade estrutural do modelo patriarcal da nosa sociedade. Aínda que se trata de vidas humanas, a súa erradicación non parece ser unha urxencia nin para os mercados, nin para os gobernos.

Este 8 de marzo de 2012, Día Internacional das Mulleres, dende a Asemblea de Mulleres do STEG rexeitamos todas as medidas de axuste e todos os recortes que se nos impoñen para saír da crise, porque non só non a van resolver senón que a van agravar, e multiplicarán as desigualdades e a exclusión de moitas persoas, especialmente mulleres: nais soas, mulleres emigrantes, novas e anciás. Ademais, supoñen un paso moi importante na consolidación dun sistema económico perverso que se aproveita e se cimenta na división sexual do traballo e das dobre presenzas das mulleres dentro e fóra de casa. **EN IGUALDADE, NIN UN PASO ATRÁS!!**

astronautas, astrofísicas, primeira muller en voar en globo, en viaxar ao espazo, alpinistas, aviadoras, escaladoras, bombeiras...

A partir deste, elaboramos unha exposición coas 12 láminas que o compoñen, xunto cunha proposta de actividades para alumnado de Secundaria.

Tamén podedes contar coas exposicións de Infantil, Primaria e Secundaria que temos



Preparamos actividades didácticas para o 25 de Novembro e 8 de Marzo, que sirvan para sensibilizar ao alumnado e visibilizar a discriminación que sufrimos as mulleres.

Publicamos o calendario “Tempo de Mulleres, Mulleres no tempo” que dedicamos este ano 2012 ás mulleres científicas, que dalgún xeito “tocaron o ceo”: astrónomas,



nas nosas sedes para prestar aos centros, coas que pretendemos dar a coñecer as achegas de numerosas mulleres ao longo da historia.

COLABORACIÓN PROXECTO BATA

“O PROXECTO BATA, elaborado no IES Alexandre Bóveda de Vigo, obtivo o primeiro premio Irene “La paz empieza en casa 2010”, dependente do Ministerio de Cultura, Educación e Deporte. É un premio dirixido a colaborar, dende o sistema educativo, coa erradicación da violencia e a promoción da igualdade real entre mulleres e homes.

O IES Alexandre Bóveda de Vigo (COIA-2) é un centro cunha longa traxectoria en traballo e investigación sobre xénero, de feito desenvolvemos un proxecto sobre Educación Sentimental para todos os 4º da ESO dende hai 25 anos, polo que xa recibimos outro premio IRENE no ano 2009. En todo este proceso temos que destacar a participación do alumnado, implicado nel dende un principio.

O PROXECTO BATA nace coa finalidade de conseguir que o cotián, o privado e o doméstico entren na esfera do visible e do recoñecemento, recoñecemento que habitualmente é negado cando non menosprezado. A bata é empregada como un símbolo que visibiliza todo este traballo doméstico das mulleres, traballo non pagado, sen vacacións nin xubilacións e sen contabilizar as horas extras. É un traballo que tamén move as emocións e move os nosos afectos porque, ao final, todas e todos fomos coidadas e coidados por unha muller que levaba unha bata, a bata esconde sempre unha muller invisible, como invisible é a súa tarefa que fai por amor.

Este obxectivo de visibilizar a desigualdade, levounos a recorrer á bata como elemento simbólico e resultou moi doado que toda a comunidade educativa sintonizara con el, debido a que move estas emocións, así dende que arranca o proxecto o alumnado e o profesorado comezan a achegar cadansúa bata e implícanse de cheo proporcionando unha multidisciplinidade que deu lugar á elaboración de todo tipo de recursos, vídeos, fotos, relatos, microrrelatos, poemas, cómics, investigacións, etc.; tendo todos eles a bata como tema. Este material presenta un altísimo grao de calidade e a nivel pedagóxico temos que destacar que con estes traballos se conseguiu implicar a alumnado que nunca se implica en nada e que arrastra unha longa experiencia de fracaso escolar.

Entre as reflexións do alumnado destacan algunhas, como que a bata non é un burka, aínda que podería selo; que é imprescindible que todas e todos usemos a bata no compromiso da corresponsabilidade. Outro aspecto destacado é a cantidade de afectos, saberes e tempos que perden os pais ao non usar a bata, ao non ser persoas coidadoras.

Se queres máis información podes consultar a nosa wiki, onde recolleemos todo o material e os traballos do alumnado. <http://proxectobata.wikispaces.com/>

Tamén podes participar con fotos, vídeos, relatos... relacionados coas batas e o seu simbolismo e porte en contacto connosco en proxectobata@gmail.com ou ben animarte ti a editar as páxinas desta wiki.

O grito de guerra do alumnado do IES Alexandre Bóveda é: Moita Bata Sempre!!!

Mercedes Oliveira Malvar (Coordinadora do PROXECTO BATA)

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES. Mulleres, mozas e feministas

Se, no 2011, as mulleres vimos, como coa escusa da crise financeira, ou ben sistémica para outras análises, pero que como sempre pagamos as clases traballadoras, se recortaban dereitos, cotas de representatividade, políticas sociais, ao tempo que se regula dende



ópticas tradicionalistas, institucións clave na liberación das mulleres, como é a familia, as mulleres da Marcha Mundial temos esperanza nos avances no terreo da igualdade e nos dereitos e liberdades sexuais, imposibles de parar, ao tempo que a nosa loita sigue en pé, co reempazo xeneracional, da man das mulleres mozas, que reunidas en Toulouse do 9 ao 17

LEI DE APOIO Á FAMILIA E Á CONVIVENCIA OU VOLTA AO PASADO?

No mes de maio do pasado 2011 a Xunta de Galicia aprobou unha nova Lei de apoio á familia e á convivencia, no medio de moitas críticas.

Esta chamada coloquialmente Lei de Familia xorde a través dunha Iniciativa Popular de Defensa do Matrimonio e a Familia, promovida polos sectores máis reaccionarios da sociedade: Red Madre, Foro Social de la Familia, Confederación Católica de Padres de Alumnos...

O Consello Económico e Social de Galicia, órgano consultivo do goberno, publicou un ditame sobre o anteproxecto no que o consideraba regresivo e patriarcal: “recorta os dereitos ás mulleres, e impide o seu dereito a decidir libremente sobre a súa maternidade”.

Esta lei estrutúrase nun título preliminar e título I, que afecta máis directamente ás mulleres: familia, coidado das persoas maiores, protección á maternidade, conciliación da vida persoal, familiar e laboral,... e os títulos II, III e disposicións derradeiras, que se dedican á Infancia e Adolescencia.

Chama a atención que defende un modelo de familia único, xa que afirma que na Galiza existe un “aprecio arraigado ás tradicións e valores familiares...vínculos coas orixes, tanto no sentido familiar...” e afirma que existe unha crise do modelo tradicional de familia. Refírese, claramente, ao modelo de familia heteropatriarcal Neste contexto promove a corresponsabilidade voluntaria nas tarefas e obrigas familiares, respectando o libre acordo das partes. Defende, por tanto, os valores tradicionais de familia xa que non fala da falta de implicación dos homes no traballo doméstico propondo medidas para corrixilo.

Trata de ocultar a verdadeira función económica e social da familia xa que, ao non defender a corresponsabilidade, establece a

de xullo do 2011, máis de 60 mozas feministas de Francia, Galiza, Bélxica, Euskal Herria, Suíza, Portugal, Armenia, Rumanía, Polonia e Macedonia, traballaron en diferentes talleres, co obxectivo de compartir experiencias de loita e visións políticas e identificar prioridades ata chegar a elaboración dun documento que sintetice as visións comúns e os plans futuros.

O campamento foi autoxestionado. Nel, o conxunto das participantes, compartiron responsabilidades e os traballos da vida colectiva. As decisións foron tomadas en asembleas xerais que tiveron lugar ao remate de cada día. O diálogo estivo garantido pola presenza de intérpretes. Tamén houbo dous momentos públicos, unha manifestación o venres e un concerto e debate público o sábado.

O texto é un documento que senta as bases para traballar nunha rede de Mulleres Mozas, basándose na Solidariedade, co fin de rematar coa discriminación múltiple que sufrimos as mulleres nun sistema socioeconómico globalizado e opresor, que perpetúa as desigualdades entre homes e mulleres, co desigual acceso aos dereitos e recortes

sociais nas cuestións xénero. Un sistema que privatiza e comercializa a nosa terra, os bens comúns e a biodiversidade, coa destrución e a sobreexplotación do noso medio ambiente. Demandando unha sanidade pública e de calidade; a clara actuación contra as violencias



contra as mulleres e promovendo o feminismo como movemento político que guíe todas as nosas accións.

Máis información en: <http://www.feminismo.info/webgalego/>

<http://www.marchemondiale.org/news/mmnewsitem.2011-07-13.1108001106/es>

machista no seo da familia, ámbito no que se producen o maior número de atentados violentos machistas contra as mulleres, xa que é o eterno espazo de dominación patriarcal. Tampouco recolle a violencia machista en ningún outro lugar e, por suposto, non propón ningún tipo de medidas para paliar.

No ámbito educativo, fala de medidas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como ampliar a apertura dos centros educativos públicos durante os días laborables e vacacións escolares, tamén de proporcionar ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das funcións e habilidades, de aplicación de programas educativos que fomenten o sentido da responsabilidade e o respecto polos dereitos e liberdades das outras persoas, da ampliación das prazas nos centros públicos para alumnado con necesidades específicas, da potenciación da educación das persoas adultas en todos os niveis do sistema educativo,...todo isto nun contexto de recortes tan brutal como o que estamos sufrindo no ensino público.

Trátase, en verdade, de intentar legislar para apoiar á familia e mellorar a súa convivencia? De ser así tiña que reflectir demandas como as que defendemos desde a Asemblea de Mulleres do STEG: ampliación da rede pública de garderías para familias de escasos recursos económicos; implantación de servizos de comedor nas garderías e nos colexios públicos, e dotación de acompañantes no transporte escolar; creación de garderías e de escolas infantís dentro ou preto das empresas e no rural, onde as están pechando; fomento de medidas de apoio a familias con persoas dependentes, con especial atención á terceira idade; medidas fiscais de apoio á familia, a favor de quen non teña obriga de declarar; medidas específicas de apoio ás familias monoparentais, na área de saúde, atención psicolóxica, formación profesional, educación de fillas e fillos, e acceso á vivenda; medidas específicas contra violencia de xénero; medidas para a corresponsabilidade para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral,...e un longo etcétera.

En ningún momento se fala da violencia